



R E V I S T A O R A L

O PAZO DAS MUSAS

Nº 8 / 28 de decembro de 2006



Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo (integrado na Rede Museística Provincial). Hora: **20 horas**. Lugar: **Refeitorio do Museo Provincial de Lugo**. Duración aprox.: **1,30 h**.  
Coordina: **Antonio Reigosa**.

Cada cambio de estación, o último xoves de trimestre, un grupo de persoas diríxese, ao caer a tarde, ao Museo de Lugo. O que os reúne alí non é un concerto, nin unha conferencia, nin unha representación teatral. Poderíase dicir que é unha mestura de todo. (, 4 de xullo de 2006)

**Non somos inocentes. Ou si?**

Ilustran a revista obras da artista **Sara Lamas**

## SUMARIO

### Portada musical

*Domine, non sum dignus* (Tomás Luis de Victoria).

Intérpretes: **Sólo Voces** (1,30')

### Inocentes

*A degolación dos inocentes* (pintura mural do séc. XIV na catedral de Mondoñedo), por **Marta Coria** (10')

### Música

*Crudelis Herodes* (Xosé Pacheco)

Intérpretes: **Sólo Voces** (1,05')

### Grandes inocentadas

*Inocentadas na prensa de Lugo* (I), por **Manuel López Castro** (5')

### Maxia

*Os dez axudantes*, por **Mago Román** (7')

### Música

*Negra sombra* (Xoán Montes)

Intérpretes: **Sólo Voces** (3,50')

### Narración

*Os torques*, por **Antón Grande** (4')

### Chiscadela

*El será certo que ....?* (1')

### Grandes inocentadas

*Inocentadas na prensa de Lugo* (II), por **Manuel López Castro** (5')

### Música

*Blue moon* (Richard Rogers & Lorenz Hart)

Intérpretes: **Sólo Voces** (2,30')

### Exposición

*Ensamblaxes* (de **Sara Lamas**), por **Claudio Rodríguez Fer** (10')

### Música

*Branle de Bourgogne* (Claude Gervaise)

Intérpretes: **Sólo Voces** (1,30')

### Grandes inocentadas

*Inocentadas na prensa de Lugo* (III), por **Manuel López Castro** (5')

### Maxia

*A chica dez*, por **Mago Román** (7')

### Música

*El menú* (Karl Zollner)

Intérpretes: **Sólo Voces** (3,57')

### Narración

*Xoves de Paixón*, por **Antón Grande** (4')

### Chiscadela

*El será certo que ....?* (1')

### Opinión

Intervención libre do público asistente (3')

### Epílogo

Por **Encarna Lago** (5')

### Contraportada musical

*Puer in praesepe gaudet* (do *Códice Musica Dea Nuntio*, séc. XII)

Intérpretes: **Sólo Voces** (1,10')



**COLABORAN NESTE NÚMERO****Coria, Marta**

Lugo, 1981. Licenciada en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela nas especialidades de Arte Moderna, Arte Contemporánea e Patrimonio Artístico. Desempeñou o seu labor profesional no Museo Provincial de Lugo, no Museo Catedralicio e Diocesano de Mondoñedo e no Museo Histórico de Sargadelos. Na actualidade exerce como profesora de Xeografía e Historia no IES *María Sarmiento* de Viveiro.

**Grande, Antón**

Lugo, 1953. Xornalista e escritor. Desenvolveu o seu labor profesional como director de informativos en Radio Lugo-Cadena Ser e como responsable de Monográficos e Cultura en *El Progreso*. Actualmente é redactor xefe de Localia Telelugo. Como escritor é autor de libros como *Pucharcas e Tabernarios*, e coautor doutros moitos texto literarios tanto en formato libro como en revistas como *Coordenadas*, *Atlántico Express*, *Luzes de Galicia*, *Capela*, *Grial* e *Xistral*. Mereceu o *Premio Galicia de Xornalismo*.

**Mago Román**

O ilusionista Román García naceu na Coruña o 26 de febreiro de 1977. Mostrou interese pola maxia dende cativo, mais tivo que esperar ata o ano 1994 para poder incorporarse á Sociedade Coruñesa de Ilusionismo, coincidindo coa homenaxe o gran mago ferrolano Lorc, recentemente falecido. Nos seus primeiros anos especialízase na maxia de preto e acude a numerosos certames e congresos de maxia. En 1996 acadou en Vitoria o Primeiro Premio Nacional nesta especialidade. A partir de entón dá un paso a escena e comeza a aparecer máxicamente en multitud de eventos públicos e privados, prensa, radio e televisión (TVE, TVG, A3, Cuatro). As súas últimas intervencións televisivas producíronse en "Nada x aquí", programa de maxia de Cuatro dirixido e protagonizado polo seu amigo, humorista e mago Luis Piedrahita.

**Lamas, Sara**

Artista lucense que cultiva o debuxo, a pintura, o gravado, a artesanía e o deseño. Na pintura comezou nunha liña figurativa e sensual, de cores moi vivas e fortes. Tamén experimentou coa disolución da figura e a tendencia á abstracción. Como debuxante realizou numerosas obras de carácter erótico, tamén retratos e mesmo figuras xeométricas vivificadas sempre por algún elemento natural. Como gravadora traballou a augaforte e outras técnicas no *Taller Augatinta*, de Lugo. É responsable dun *Taller de Creación* onde ensina debuxo, pintura e artesanía en papel. Expuxo en Lugo e en Santiago de Compostela, ilustra revistas como

*Unión Libre*, xornais e libros de Carmen Blanco, Olga Novo e Claudio Rodríguez Fer.

**López Castro, Manuel**

Chairego de Castro de Rei, exerce o xornalismo desde 1967, primeiro en *La Voz de Galicia* e posteriormente, desde 1969, en *El Progreso*, en onde actualmente é xefe das seccións de *Nacional* e *Internacional* e publica un artigo de opinión en días alternos. Anteriormente foi responsable das seccións de *Sucesos*, *Galicia* e *Extras*. Na década dos 70 fixo información deportiva en Radio Popular. Foi, ademais, corresponsal en Lugo das axencias EFE e OTR/PRESS; do diario *El Correo Gallego* e director do periódico *Cámara*, da Cámara de Comercio.

**Rodríguez Fer, Claudio**

Lugo, 1956. Profesor, filólogo, ensaista, narrador, poeta, investigador, guionista de cine e vídeo, profesor. En 1977 forma, con Carmen Blanco, a tribuna libertaria galega *Unión Libre*. Codirixe, con Carmen Blanco, *Unión Libre. Cuadernos de vida e culturas*, e con Alexandre Veiga, *Moenia. Revista Lucense de Lingüística e Literatura*. É autor, entre outros moitos títulos, dos libros *Poemas de amor sen morte*, *A Galicia misteriosa de Ánxel Fole*, *Tigres de ternura*, *Cinepoemas*, *Historia da lúa*, *A boca violeta*, *Lugo blues*, *Cebra*, *Meta-relatos*. Recibiu o *Premio da Crítica Española*, o *Losada Diéguez de Investigación* e mereceu o *Premio Extraordinario de Licenciatura* coa tese *A literatura galega durante a guerra civil*.

**Sólo Voces**

Grupo fundado en Lugo no ano 1992. Perseguindo un repertorio ecléctico, axeitado a todos os públicos, xa ten actuado en moitos puntos da xeografía española, así como en cidades como Praga, Salzburgo e Lisboa. Nos últimos tempos está fixando a súa atención na interpretación dos músicos lucenses. Gravou en 2000 un CD con música de Xoán Montes, Xosé Pacheco, Santabaya e Bal y Gay, en colaboración coa Orquestra Municipal de Xove. En 2001, coa mesma orquestra, fixo un concerto sobre a música composta por Xoán Montes no Seminario. En 2005 unha sección do coro constitúese na *Capela lucense* para gravar un CD con música dos mestres da Catedral de Lugo. Na actualidade *Sólo Voces* prepara un concerto sobre os músicos lucenses (Pacheco, Montes, Veiga, Gustavo Freire, Bal y Gay, e os mestres da Catedral). Dirixe *Sólo Voces* Fernando Gómez Jácome.